

CIRCULAR 256

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO / OUTUBRO 2015



NON + VIOLENCIA DE
XÉNERO

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 257 de novembro/décembro de 2015,
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2016.
A información terá que ser remitida como data límite
o 10 de decembro.

5	Información Xeral
14	Información das Seccións
18	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
19	Grupo de Tráfico e Seguridade
21	Comisión de Ética e Deontoloxía
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

A asistencia pública en saúde mental, precarizada

Os síntomas que vimos rexistrando non deixan lugar a dúbida no diagnóstico: a especialidade da psicoloxía clínica na asistencia pública estase a precarizar a gran velocidade. Desde o Colexio denunciámos unha situación que consideramos intolerable, consecuencia dos recortes que están a incidir na calidade asistencial que reciben as persoas usuarias da sanidade pública galega. No COPG somos conscientes de que esta situación de crise económica obriga a uns axustes duros que afectan a toda a asistencia sanitaria pública, pero non pode servir como escusa para que non se realicen de forma proporcionada e razoable. Coa crise como pretexto, abandonouse o Plan Estratéxico de Saúde Mental, que implicaría un mínimo crecemento dos recursos humanos, incluídas tamén as psicólogas e psicólogos clínicos. A Administración polas súas actuacións recoñece a necesidade de prestar asistencia psicolóxica desde os seus centros públicos, pero no canto de aumentar os recursos propios, asina convenios con oenegués para a prestación en oncoloxía ou coidados paliativos, por exemplo. Este tipo de contratación implica poñer nun serio compromiso á autonomía coa que exercen os psicólogos e psicólogas dependentes de entidades alleas aos centros médicos e repercute finalmente sobre as persoas usuarias finais, é dicir, pacientes.

É imprescindible garantir a autonomía dos e das facultativas especialistas, e iso só se pode conseguir a través de prazas

públicas no SERGAS. Tamén hai anos que comprobamos o procedemento imposto en certas unidades de atención primaria que obriga a derivar primeiro a psiquiatría e que unha vez se teña o seu visto bo poida acceder a psicoloxía clínica, o que supón unha inxustiza e unha falta de recoñecemento ao traballo dos e das psicólogas clínicas.

Estes feitos agrávanse coa ausencia por segundo ano consecutivo de prazas para a especialidade de psicoloxía clínica na Oferta Pública de Emprego (OPE) do SERGAS, o que implica desatender unha necesidade evidente, recoñecida pola propia Administración que palía con convenio externos, precarizando os e as profesionais, limitando a súa autonomía e redundando finalmente na asistencia ás persoas usuarias.

Cando a situación actual, agravada pola crise económica, está a repercutir na saúde da cidadanía, especialmente a nivel mental, non investir en facultativos/as da especialidade de psicoloxía clínica é un acto de irresponsabilidade. Esta decisión, por segundo ano consecutivo, é realmente grave e demostra a deixadez desta Administración no relativo á especialidade de psicoloxía clínica, como por exemplo tamén a obviou para a supervisión do proxecto europeo de investigación para o tratamento da depresión online que deu comezo este ano na nosa Comunidade.

Para o Colexio é inadmisíble unha nova OPE do SERGAS que non contemple a especialistas de psicoloxía clínica e que a asistencia psicolóxica se ofrezca a través de prazas públicas e non de convenios con oenegués. A Xunta de Galicia debe actuar con responsabilidade e non continuar a favorecer a precarización dos e das profesionais que prestan a asistencia pública en psicoloxía clínica.

Comprobamos unha vez máis como non existe un protocolo de actuación para a atención psicolóxica en centros hospitalarios en casos de emerxencia. Desde que se formou o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias véñense recibindo demandas de intervención en hospitais, cando por lei teñen a obriga de contar co seu propio equipo de saúde mental e con protocolos específicos para este tipo de situacións. Isto evidencia a falta de interese, por unha banda, e a ausencia dunha adecuada protocolización dos psicólogos e psicólogas neste campo,

malia que os propios equipos directivos do SERGAS recoñecen que existe esta importante necesidade.

Neste Colexio seguiremos traballando na defensa da profesión no sistema público, tanto para consolidar a asistencia en atención especializada como para a súa implantación en atención primaria.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Participou no acto inaugural do «IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar», celebrado o 10 de setembro en Santiago de Compostela e organizado pola Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela, polo Grupo de Investigación Escola-Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) e pola Rede de Inmigración, Escola e Sociedade (RIES).
- Participou na reunión da Asemblea e do Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia celebrada en Santiago de Compostela o 18 de setembro.
- Asistiu, xunto co tesoureiro do COPG Miguel A. Chouza Ponte, a unha reunión coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, o 23 de setembro para tratar sobre os convenios de mediación.
- Mantivo unha reunión co director do Centro UNED A Coruña, Germán Carro Fernández, e coa coordinadora de extensión universitaria do Centro UNED A Coruña, María Díaz de Robles Badía. Na reunión, que tivo lugar o 13 de outubro, tamén estivo presente o tesoureiro do Colexio, Miguel A. Chouza Ponte, e nela trataron vías de colaboración entre ambas institucións.
- Asistiu a unha reunión o 14 de outubro na concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela para tratar dun proxecto municipal en relación ás persoas que afrontan situacións de desafiuzamentos.



M^a Rosa Álvarez Prada

■ Mantivo o 14 de outubro na sede do COPG unha reunión con Cristina Palacios Castro, presidenta de ARELAS, Asociación de familias de menores trans* de Galicia, para tratar certas preocupacións que teñen as familias con respecto á atención psicolóxica da transexualidade infantil.

En representación do Colexio

Como membro da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, María Celeste Porto Gómez asistiu o 21 de setembro en representación do COPG á reunión para constituír una mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos de Santiago de Compostela, da Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 22 de setembro á reunión para desenvolver unha estratexia de acción conxunta para acoller da mellor maneira posible a todas as persoas refuxiadas, da Unidade de Atención ás Migracións (UAMI) da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), Ana Isabel Martínez Arranz, mantivo unha xuntanza o 28 de setembro con representantes da Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias Sanitarias (ASGATE) para analizar vías de colaboración entre ambos grupos.

Os membros da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) José Manuel Campal Fernández, Carlos Montes Piñeiro e Israel Villar Enjo asistiron a varias xuntanzas nos meses de setembro e outubro das Mesas de Traballo do Pacto Local polo Emprego, da Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela, que abordan



José Manuel Oreiro Blanco



Ana Isabel Martínez Arranz

as temáticas de traballo garantido e renda básica, de innovación e emprendemento, de economía social e emprego protexido, de emprego xuvenil, de recursos sociolaborais e de desigualdade de xénero no emprego.

O COPG e o Consejo General de la Psicología



Manuela del Palacio García

A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiu o 26 de setembro á reunión da Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología en Madrid.

O coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología celebrada o día 1 de outubro en Santiago de Compostela, coincidindo coa celebración do «II Encontro Hispano Luso».

A decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología o 3 de outubro na sede do COPG en Santiago de Compostela.



Xunta Directiva da División
PTORH



Junta de Gobierno do Consejo
General de la Psicología

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu o 10 de outubro á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada en Madrid.



Eva Muíño Gómez

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Grupo de Tráballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología o 16 de outubro en Ceuta. Tamén participou os días 16 e 17 nas «Xornadas Nacionais de Intervención Psicolóxica en Emerxencias, Crises e Catástrofes», organizadas polo Colexio Oficial de Psicólogos de Ceuta, ás que tamén asistiu a decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada.

Servizo de apoio psicolóxico a persoas refuxiadas

Diante da dramática situación que están a atravesar os refuxiados e refuxiadas procedentes fundamentalmente de Siria e tamén doutros países de Oriente Medio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está organizando a oferta ás diferentes administracións (concellos, Xunta de Galicia) un **servizo de apoio psicolóxico** para estas persoas.

Sen dúbida, unha vez cubertas as necesidades máis básicas, estas persoas requirirán de asesoramento profesional para integrarse nas comunidades de acollida e para superar os traumas que poidan sobrelevar tanto de antes da súa partida do seu país de orixe como na viaxe cara a Europa.

Para poñer en marcha esta iniciativa, o COPG está a organizar unha lista de colexiados e colexiadas con vontade de colaborar neste proxecto e nun prazo de tempo breve convocarase un encontro no Colexio co fin de poñerse en funcionamento e definir unhas liñas de actuación. Se desexas incorporarte, podes enviarnos un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal.

AVISO

Actualización de datos

Desde o COPG realizamos a maioría de comunicacións por e-mail.

Lembra actualizar o teu enderezo electrónico en copgalicia@copgalicia.gal

Acto no Día da prevención do suicidio

O xoves 10 de setembro, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o COPG forma parte, organizou un acto en Santiago de Compostela con motivo do Día da prevención do suicidio.

II Encontro Hispano - Luso

O venres 2 e o sábado 3 de outubro tivo lugar o «II Encontro Hispano Luso», que organizou o COPG xunto co Consejo General de la Psicología e a Ordem de Psicólogos Portugueses, e que levou por título «Achegas da psicoloxía á solución dos problemas actuais da sociedade», que se celebrou no Auditorio ABANCA en Santiago de Compostela.

O obxectivo deste Encontro foi trasladar aos e ás profesionais e á comunidade as achegas e as accións que desde a psicoloxía se veñen aplicando á solución de problemáticas actuais que afectan seriamente ás persoas ao longo do seu ciclo vital, ben emerxan na infancia, na adolescencia, na idade adulta ou na velez.

Nel abordáronse temas relacionados coa intervención psicolóxica coas persoas afectadas pola violencia de xénero, por mobbing ou estrés no espazo de traballo, coas que sufriron accidentes ou perdas por diferentes razóns (tráfico, atentados, etc.) e coas que teñen que convivir coa discriminación, entre outras.



Acto inaugural do Encontro



Dentro do marco deste Encontro fíxose a entrega do

I Premio Ibérico da Psicoloxía, que recaeu en Leandro Almeida e en José Ramón Fernández Hermida, a quen lles trasladamos os nosos parabéns desde o Colexio. Leandro Almeida é un gran coñecido da nosa institución, con quen temos participado xuntos na promoción e no recoñecemento da psicoloxía educativa.

—
Imaxe da entrevista publicada en Papeles del Psicólogo, nº 54, 1992, de Manel Filgueira, vogal da Comisión de Educación do COPG naquel momento, con Leandro Almeida

Exposición de fotografía

Desde o 18 de setembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle a exposición de fotografía titulada «Historias de lobas (Mulleres que corren con lobos)».

Trátase dunha serie de fotografías da fotógrafa e psicóloga colexiada Elena Ivonne Daprá Castro creada para traballar con mulleres que sufriran violencia de xénero, acompañando, axudando e empoderando.

A exposición pódese visitar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Santiago de Compostela, e estará aberta ata a fin do mes de novembro.

Alegacións presentadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou alegacións ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ao proxecto de decreto polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión, con data 1 de setembro.

Ademais, presentou recurso de reposición contra as Bases para o proceso selectivo de contratación dun técnico de orientación e prospección laboral e accións de sensibilización da cultura emprendedora para o programa integrado de emprego «EMPREGAMARÍN II», con data 14 de agosto.

Correspondencia ao nivel de Máster do título de Licenciado/a en Psicoloxía

O BOE deste 2 de outubro aprobou que o título de Licenciado/a en Psicoloxía corresponde co nivel de Máster (nivel 3 do MECES). Esta disposición supón unha importante vantaxe para as persoas Licenciadas en Psicoloxía xa que, aínda que non



Fotos de exposición

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

supón unha convalidación con ningún título concreto de Máster, se lles recoñece ese nivel de titulación (nivel académico), o que lles eximirá da obriga de ter que cursar unha concreta titulación de Máster para acceder a estudos académicos, postos de traballo, oposicións na Administración, concursos públicos... onde se esixa ter ese nivel de estudos. En ningún caso implica de por si que posúan un título de máster específico. Pódese solicitar o certificado de correspondencia a través do Ministerio de Educación e Ordenación Universitaria.

AVISOS

Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Diplomas de Acreditación Sanitaria

O 27 de xullo foi publicado no BOE a regulamentación dos Diplomas de Acreditación para Profesionais Sanitarios e os Diplomas de Acreditación Avanzada para Profesionais Sanitarios, como novas figuras de recoñecemento formativo atribuíbles ás profesións sanitarias tituladas. De acordo co publicado, os procedementos para a súa solicitude, obtención, renovación e expedición dependerán da administración autonómica competente. Ata que haxa unha normativa autonómica non se poderá iniciar o procedemento, do que avisaremos puntualmente desde o Colexio.

Sinatura dos Convenios de Mediación Intraxudicial

Asináronse recentemente os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense para o ano 2015.

Nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Con data 15 de outubro de 2015, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

María Jesús López Cernadas (G-1492), presidenta
Mª Leonor Galiana Caballero (G-2820), vicepresidenta
María Celeste Porto Gómez (G-3677), secretaria
José Luis Santos-Ascarza Bacariza (G-3131), tesoureiro
M. Elena Bastos Expósito (G-0799), vogal
M. Elena Seoane de la Fuente (G-0907), vogal
María Lueiro Mendoza (G-3380), vogal
Olivia Losada Díez (G-4506), vogal

Medios de comunicación

Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>
t Twitter: [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)
in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolog%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

AVISO

Rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.



III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia

Xa está aberta a inscrición para o III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia que se celebrará os días 2, 3 e 4 de xuño de 2016, baixo o título «Os camiños da psicoloxía». Será un intenso programa que aborde a nosa disciplina en profundidade a través das diferentes áreas de actividade; e se o desexas, podes enviar os teus traballos, en formato oral, escrito ou simposio. Queremos que este Congreso sexa un foro de alta calidade onde ofrecer novas respostas científico-profesionais nunha contorna cambiante co que contribuír ao sostido crecemento científico e ao recoñecemento social da psicoloxía.

Información e inscricións:
iiicongresodepsicologia.copgalicia.gal

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

Faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións, etc.

Novo enderezo electrónico: somos .gal

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten desde este mes de setembro un novo enderezo na rede: podes visitarnos en www.copgalicia.gal e escribirmos a copgalicia@copgalicia.gal. Así integrámonos no dominio .gal, co fin de contribuír a crear unha identidade comunitaria tamén na rede.

Lembra que realizamos a meirande parte das nosas comunicacións a través do correo electrónico, así que para garantir que non rematen na carpeta de SPAM, engade o noso enderezo aos teus contactos.

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Os vindeiros 20 e 21 de novembro terán lugar en Lugo as **XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG**, centradas este ano no tema da identidade e a personalidade, co título «**Identidade e personalidade, de que estamos a falar?**», onde se abordarán temas como o desenvolvemento da personalidade e os seus cambios, a súa relación coa violencia ou a intervención psicolóxica neste campo.

Ademais celebraranse dous **obradoiros pre-xornadas** para a tarde do xoves 19, un deles titulado «**Intervención integradora sobre os déficits metacognitivos en TLP**» e outro sobre as «**Técnicas de xogo na idade latente**».

O venres 20 pola tarde terá lugar a **Asemblea de socias e socios da Sección**.

Agardamos contar coa vosa presenza un ano máis.

Formación prevista

Os vindeiros 13 e 27 de novembro e 11 e 18 de decembro terán lugar en Santiago de Compostela as sucesivas sesións clínicas que forman o curso «**Rehabilitación neuropsicolóxica a través de casos clínicos**», no que se presentarán as fases da rehabilitación neuropsicolóxica así como as súas técnicas e ferramentas básicas. As poñentes serán **Rocío García Calvo**, **Ester Asensio Cubero** e **Cecilia Otero Dadín**, psicólogas sanitarias que traballan no eido da rehabilitación neuropsicolóxica na nosa Comunidade. O curso estará coordinado por **Vanessa Vilas Riotorto**, nova coordinadora do **Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía** da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

A Sección está planificando a oferta de formación para o próximo ano. Para o mes de febreiro está programado un curso sobre intervención en alteracións condutuais e emocionais con persoas con dano cerebral adquirido, e posteriormente outros sobre transexualidade e sobre intervención psicolóxica en trastornos alimentarios.



Cartel das «XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde»

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA



Afrontamento da crise de ansiedade no ámbito educativo

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/educativa>

A Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, celebrou o 24 de setembro, a xornada **«Afrontamento da crise de ansiedade no ámbito educativo»**, impartida pola psicóloga clínica do SERGAS na área sanitaria de Ourense e profesora na Facultade de Ciencias

de Educación da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) **Encarnación Sueiro Domínguez**.

Na devandita xornada a relatora expuxo ás psicólogas e psicólogos participantes como recoñecer, abordar e prever a crise de ansiedade no ámbito educativo, coa finalidade de que adquirisen as estratexias e recursos necesarios para afrontala e ao mesmo tempo que fosen capaces de xerar habilidades no seu alumnado para reducir o impacto das situacións de estrés que poden xurdir ao longo da súa escolaridade.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Grupos de traballo

O pasado día 15 de outubro constituíuse o grupo de traballo **«Psicoloxía Xurídica das forzas e corpos de seguridade do Estado»**, coordinado por **Milagros Martínez García**, vogal da Xunta Directiva da Sección de Xurídica e por **M^a Filomena Garrido Blanco**, promotora do grupo. Os documentos serán publicados pola Sección e enviados a tódolos membros tal e como xa se fixo coa *Guía de boa práctica para o perito psicólogo forense*.

En canto á formación, a Sección ten previsto ofertar en novembro un curso sobre a **Psicoloxía Xurídica** do menor desde unha perspectiva multidisciplinar.

Lembrar que está aberto o prazo de inscrición para participar no **IX Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense**, organizado pola **Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense (SEPJF)**, que nesta edición se celebrará en Madrid do 25 ao 27 de febreiro de 2016. Animar a todos os membros da Sección a participar.

Mais información: <http://www.usc.es/congresos/congresosepjf/>

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Foro: Compartindo experiencias sobre «coaching» desde PTO

O pasado 19 de setembro celebrouse no COPG un Foro sobre Psicoloxía e Coaching coa presenza de Carmen Santos Chocán (COP de Catalunya), Luis Picazo Martínez (COP Madrid) e Israel Villar Enjo (COPG) que supuxo un espazo para plantexar o estado da cuestión nas actividades do «coaching» no ámbito da psicoloxía do traballo e das organizacións, os proxectos nos distintos COPs e reflexionar sobre os criterios de acreditación profesional. Foi unha oportunidade para presentar o novo grupo de traballo da Sección PTO sobre Psicoloxía-Coaching que ten como obxectivo dar visibilidade e poñer en valor ás e aos profesionais dos Recursos Humanos, regular as súas prácticas e perfilar as súas liñas específicas de formación no ámbito colexial.



Foro Psicoloxía Coaching.
«Compartindo experiencias»

Xestión de persoas nas organizacións: Proxecto de normalización

No transcurso do pasado mes de setembro iniciáronse as tarefas que permitirán regular a xestión de persoas nas organizacións

e que se coñecerá como a Norma ISO TC/260 Human Resources Management. Esta iniciativa de carácter internacional que implica a numerosos países, e onde o Consejo General de la Psicología forma parte do Comité Nacional de Normalización, é outro avance para que as e os profesionais de PTO dispoñan de procedementos para efectuar un traballo que sexa recoñecido por un sistema de calidade e ao mesmo tempo garantir as boas prácticas nas distintas accións cos recursos humanos en contextos laborais. Ao longo do ano 2016 informarase sobre a evolución dos traballos que levará a cabo o Comité Técnico de Normalización de Recursos Humanos recentemente nomeado para desenvolver e executar este proxecto.



Encontro: «Ética e Deontoloxía en PTO»

A presenza da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología en Santiago de Compostela foi unha oportunidade para analizar cos colexiados e colexiadas da Sección a situación actual de diversos ámbitos de actuación, coñecer novas problemáticas nas organizacións e intercambiar opinións sobre procesos de xestión no contexto laboral.



Encontro ética e deontoloxía en PTO

O tema central deste punto de encontro celebrado o 1 de outubro no salón de actos do COPG, foi o debate sobre as boas prácticas e a ética nas actuacións profesionais. O debate, coordinado por José Luis Domínguez Rey, contou coa presenza e intervención de Elixio Domarco Álvarez, Valedor dos colexiados e colexiadas do COPG; Carmen González País e Irene Martínez Montero, vogais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG; a Xunta Directiva da División PTORH do Consejo General de la Psicología; e os membros da coordinadora da Sección PTO do COPG. O evento e a representatividade das persoas asistentes supuxo dar outro impulso aos códigos éticos cara a consolidar a súa integración nas competencias do/da profesional e ser un criterio para as futuras acreditacións.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>

Formación interna

O 7 de novembro celebrárase un seminario sobre as intervencións do GIPCE en naufraxios e desaparicións no mar que tiveron lugar durante o 2014 en Galicia. Esta acción formativa terá unha duración de 4 horas e celebrárase en xornada de mañá.

Formación externa

Os días 11, 12, 18 e 19 de setembro Aurora Rozadilla Arias e Julita Mª Touriño Araújo impartiron na sede do COPG o *Curso de comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso do dó* dirixido a profesionais da Psicoloxía, colexiados/as e estudantes do último curso da Licenciatura ou Grao en Psicoloxía. Esta actividade formativa constitúe o segundo módulo formativo que se está a levar a cabo desde o GIPCE para a formación de posibles futuros membros do grupo.

Os días 20, 21 e 22 de setembro Raquel Malvárez García impartiu na AGASP a terceira edición do curso de violencia de xénero.

Juan Carlos Prados Moreno participou na *I Jornada de Psicología Aplicada a Urgencias y Emergencias* celebrada en Madrid entre los días 25 y 27 de Septiembre e organizada por SEPADEM. O noso compañeiro fixo unha exposición da intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia de 2013.

Durante o mes de outubro impartíronse dous cursos na AGASP dirixidos a membros da Policía Local: un curso sobre *Intervención Psicológica en Emergencias* que impartiu Julita Mª Touriño Araújo os días 13 e 14 de outubro; e a segunda edición do curso de *Habilidades de comunicación e interacción con nenos e adolescentes en situación de desamparo e desprotección*, que impartiu José Ramón García Gómez os días 26 e 27 de outubro.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)



Curso Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Xornadas de Concienciación

O sábado 4 de setembro deu comezo o primeiro grupo, dos tres que se desenvolven en 2015. Neste caso en Ferrol, coa presenza de 25 asistentes e coordinado por Eduardo Anoeta Rodríguez, Paula Pereira Rodríguez, Begoña Blanco Blanco e Juan Bonome Rodal.

Psicovial

O 26 de setembro tamén iniciou a súa andadura o terceiro programa de Psicovial, de novo en Ourense, coa presenza de 12 asistentes multirreincidentes con penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria. A duración é de 9 meses, tendo previsto rematar en xuño do 2016. Está coordinado por Sandra Sesto Vilariño, José Lamas López e Eva Muíño Gómez.

Informacións

- Na reunión de área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 10 de outubro en Madrid, informouse dos trámites a seguir para a creación da División de Tráfico e da Seguridade, quedando aprobada a proposta de Regulamento Marco da mesma. Tamén se informou da próxima incorporación dun asesor do ámbito marítimo, así como da posibilidade da celebración dun Congreso Nacional da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade para 2016.
- O 14 de outubro M^a Jesús Sánchez Peteiro, acompañada por Eva Muíño Gómez, asistiron ao simulacro de accidente de tráfico que organizou a Universidade de Vigo no campus universitario de Pontevedra entre o Vicerreitorado, a DGT e o Concello, dentro dun programa de actividades de concienciación viaria dirixidas ao ámbito universitario, que se desenvolverá ao longo de varias semanas. Neste mesmo día despois do simulacro desenvolveuse unha mesa redonda na que M^a Jesús Sánchez disertou sobre «Peóns/condutores, aspectos psicolóxicos e reincidencia», xunto con representantes da Universidade, Concello, Asociacións de vítimas e por primeira vez tamén interveu unha persoa (universitaria naquel momento) responsable dun accidente de tráfico con resultado de morte. Resultou moi interesante observar *in vivo* os procesos psicolóxicos polos que estas dúas persoas van transi-



Eva Muíño e M^a Jesús Sánchez no simulacro



M^a Jesús Sánchez na mesa redonda

tando despois de sufrir as consecuencias dun accidente de tráfico grave.

■ Continúase co préstamo dos instrumentos de avaliación do listado do Grupo de Tráfico e da Seguridade para o que se habilitou o seguinte enderezo electrónico grupotrafico@cop.es, a través do cal todos os membros do Grupo poden solicitar o seu uso para facer un mínimo de 2 pases, devolvendo cuberta a ficha de avaliación.

■ Finalmente indicar que a próxima convocatoria para todo o Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, así como todos os colexiados e colexiadas que o estimen interesante, está prevista para o día 12 de decembro de 2015 coa celebración das III Xornadas Galegas da Psicoloxía do Tráfico en Santiago, das cales en breve se enviará o correspondente programa.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/trafico-e-seguridade>

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-03056	Carlos	García Mera
G-04567	Mª Josefa	Alonso Monroy
G-04881	Mª Emma	Blanco García
G-05443	María	Calle Álvarez
G-05444	Luis	Gil Calzada
G-05445	Andrea	Ojea Mateos
G-05446	Antía	Blanco Espiñeira
G-05447	Rocío	Rodríguez Freiría
G-05448	Tomás	Gómez Rodríguez
G-05449	Juan Carlos	Gil Simón
G-05450	Mª Carmen	Somoza Fernández
G-05451	Ángela	Mosquera Gavilán
G-05452	Cristina	Abella Morales
G-05453	Montserrat Cristina	Zurrón Ocio
G-05454	Vanesa	Iglesias Lucio
G-05455	Mª Noelia	López Gómez
G-05456	Inés	Seoane Quiroga
G-05457	Esteban	López Reynoso
G-05460	Santiago	López Roel
G-05461	Mª Isabel	Varela Barbeito
G-05462	Jessica	Brea Pereiro
G-05463	Alba	Felpete López
G-05464	Jessica	De Abreu Pérez
G-05465	Belén	Torrado Oreiro
G-05466	Mª Celia	Parrado Novoa

Xa somos 2864 colexiadas e colexiados

A obxección de conciencia


O art. 61 do Código Deontolóxico do Psicólogo sinala que «cando un psicólogo/a se vexa no conflito de normas adversas, incompatibles, xa legais, xa deste Código Deontolóxico, que entran en colisión para un caso concreto, resolverá en conciencia, informando ás partes interesadas e a Comisión de Ética e Deontoloxía Colexial».

A obxección de conciencia (OC) consiste, en xeral, na oposición, claramente manifesta, dunha persoa a un imperativo legal ou a unha autoridade, baseada nos propios principios morais.

A obxección de conciencia no contexto profesional refírese á negativa a cumprir un cometido profesional esixido polas leis ou por algún regulamento ou protocolo institucional ou imposto polas autoridades, aducindo razóns morais ou de conciencia. Pode tamén manifestarse como oposición ao cumprimento dun deber ou responsabilidade non explicitada en ningunha norma legal, pero si deontolóxica ou profesional.

Desde unha perspectiva xurídica, existen múltiples discusións sobre se a OC é ou non un dereito constitucional. Unha parte da doutrina considera a OC como a expresión dun dereito fundamental, recoñecido na Constitución Española (art. 16.2), que regula a *liberdade relixiosa, ideolóxica e de culto*. Aínda que non se recolle expresamente neste artigo, pode considerarse incluída a liberdade de conciencia. Tamén, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea se sinala que «se recoñece o dereito á obxección de conciencia de acordo coas leis nacionais que regulen o seu exercicio». Agora ben, este dereito fundamental tivo un desenvolvemento específico, con rango de lei, só no ámbito do servizo militar no ano 1984 e máis recentemente coa lei 2/2010 sobre saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo.

Cómpre distinguir o concepto de OC do de «desobediencia civil», concepto que supón unha insubmisión social e política a unha determinada norma, con busca de adhesións e movementos grupais, dirixida a exercer presión co fin de promover a modificación da lexislación; é, polo tanto, un medio de presión política. Na OC non se obxecta a lei en si mesma, senón a aplicación da lei nun caso e situación concreta.



Así tamén, a OC non pode amparar condutas profesionais irregulares. Débese evitar recorrer á OC para evitar situacións que poden resultar para o/a profesional incómodas ou que causen angustia, evitando así posicionamentos de obstinación terapéutica que poden prexudicar o/a paciente e que non serían propias da OC.

A OC propónse como un conflito entre dous deberes, o de respectar as decisións, ben dos/as pacientes, ben dos/as superiores ou ben das normas ou regulamentos, e o de fidelidade dos/as profesionais ás súas propias crenzas e valores. O problema de fondo é a ponderación necesaria dos dereitos que entran en conflito e as consecuencias derivadas do exercicio da OC.

Desde o punto de vista ético-deontolóxico, o que se lle propón aos/as profesionais é un dilema ético, un conflito de valores sobre os que hai que tomar unha decisión: por un lado, o respecto da conciencia do/a profesional que por razóns morais pensa que non debe realizar ou participar na execución dun acto concreto. Por outra parte, o respecto do dereito do/a paciente a recibir unha prestación. En xeral, os cursos extremos de acción tenden a coincidir cun dos valores en conflito. Tal como indica o artigo ao que nos estamos referindo, o/a profesional *resolverá en conciencia*, intentando buscar o curso de acción óptimo, que será o que lesione menos ou respecte máis os valores en conflito.

*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO: REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓXICA A TRAVÉS DE CASOS CLÍNICOS.

Datas: 13 e 27 de novembro e 11 e 18 de decembro de 2015

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

XX XORNADAS DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG «IDENTIDADE E PERSONALIDADE: DE QUE ESTAMOS A FALAR?».

Datas: 19, 20 e 21 de novembro de 2015

Lugar: Lugo

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III XORNADAS GALEGAS DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E DA SEGURIDADE «INTERVENCIÓNS DESDE A PSICOLOXÍA DO TRÁFICO».

Datas: 12 de decembro de 2015

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA.

Datas: 2, 3 e 4 de xuño de 2016

Lugar: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 -Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos

1980 2015

35 anos
medrando coa
profesión